

SONG FOR THE JUNGLE

Jean-Gabriel Périot, 2018

586

ESTREA EN NUMAX: 06.09.2019 | V.O. | +16

Song for the Jungle (2018, 14')

Dirección: Jean-Gabriel Périot

Guión: Jean-Gabriel Périot

Montaxe: Jean-Gabriel Périot

Música: Víctor García

Fotografía: Amine Berrada

Produtora: Envie de Tempête (Francia)

Distribuidora: NUMAX Distribución

Formato de proxección: DCP 2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Español

**NUMAX
DISTRIBUCIÓN**



* A proxección desta curtametraxe realizarase independentemente das demais longas do día e contará cunha tarifa especial reducida:

Venres e fin de semana

Xeral: 2,5€ | Reducida 2€ | Abonadas de balde

De luns a xoves

Xeral: 2€ | Reducida 1,5€ | Abonadas de balde

PREMIOS E FESTIVAIS

Donostia 2018 (Premio Zabaltegi-Tabakalera)

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Nos défaites, 2019

Luces de verano, 2016

Una juventud alemana, 2015

We Are Becoming Death, 2014

[curtametraxe]

The Devil, 2012 [curtametraxe]

200000 fantômes, 2007 [curtametraxe]

Eât-elle été criminelle..., 2006

[curtametraxe]

SINOPSE

Calais, unhas semanas antes de ser desmantelado: A Xungla é un lugar no que miles de inmigrantes viven e agardan para chegar a Inglaterra ou simplemente para que alguén se ocupe deles. Deambulan neste lugar abandonado, coa esperanza de sobreviviren á nosa indiferenza.

«Unha obra política que atopa o modo xusto de retratar o drama da inmigración»

(Endika Rey, OTROS CINES)



Un pequeno acto de militancia

Por Endika Rey

Jean-Gabriel Périot non é un descoñecido do Festival de San Sebastián. Tras presentar alí a súa primeira longametraxe, *Una juventud alemana* (*Une jeunesse allemande*, 2015), na sección Zabaltegi e optar ao premio Nuev@s Director@s con *Lumières d'été* (2016), en 2018 fíxose co premio Zabaltegi-Tabakalera con *Song for the Jungle*. Se na primeira Périot xogaba a construír e deconstruír o material de arquivo para realizar unha panorámica sobre as orixes da Facción do Exército Vermello e na segunda o director realizaba a súa primeira ficción para sobordala a través de pantasma procedentes dun testemuño documental, nesta ocasión volveu ao seu labor como curtametraxista e fíxose co galardón grazas á súa observación dos emigrantes que viven na Xungla (así se chama o espazo), en Calais, agardando a oportunidade de fuxir dalí. Nesta ocasión, o francés non xoga co arquivo nin crea novo material, senón que se limita a poñer en plano un escenario desolador e unha serie de protagonistas anónimos que camiñan polo mesmo.

Aínda que os premios obedecen máis á subxectividade dos seus xurados que a

unha man invisíbel lanzando un discurso, o certo é que resulta salientábel que este ano a sección Zabaltegi-Tabakalera decidise premiar unha curtametraxe de 14 minutos por riba de títulos a priori favoritos como as catro horas de *An Elephant Sitting Still* (Hu Bo, 2018), o uso do 3D de *Longa viaxe cara á noite* (Bi Gan, 2018), a gañadora da competición de filmes arxentinos do BAFICI, *Las hijas de fuego* (Albertina Carri, 2018) ou o novo de Godard: *O libro de imaxes*.

En palabras dos organizadores, a sección está aberta a incluír curtas, medias, longas, ficcións, non ficcións, animacións, series e instalacións audiovisuais e o premio pode entenderse tamén como toda unha declaración de intencións. Se o ano pasado a mediametraxe *Braguino* (Clément Cogitore) conseguiu verse nas nosas pantallas grazas ao galardón, nesta ocasión o palmarés permite que unha curtametraxe se estree en salas españolas. Dalgún xeito resulta consecuente cun Zabaltegi-Tabakalera que xa desde o seu nome convida a abrir novas vías ou, cando menos, ensanchalas. Aparentemente, trátase dun tema afastado da análise fílmica e máis próxima á industria da exhibición, porén é posíbel trazar un paralelismo: a decisión do xurado pode lerse, como o propio filme de Périot, como un pequeno acto de militancia.

Porque se algo é *Song for the Jungle* é unha obra política. Périot límitase a encadrar xente que vive en Calais nunha serie de planos xerais. Uns muros

de arame separan esa Xungla dunha autoestrada e o lugar funciona a xeito de cárcere onde, paradoxalmente, o exterior resulta case máis ameazante. O son dos coches, o dun helicóptero e o dunha ambulancia (ao fondo do plano, sen saber por que está aí) convértense case nas únicas ferramentas discursivas que existen na fita. E é que, alén do que hai na curtametraxe, convén preguntarse tamén polo que non hai: non existen testemuños, non hai primeiros planos, non hai drama, non hai diálogos, non hai protagonistas aos que asirse, non hai intervención por parte do director, non hai cantiga. *Song for the Jungle* retrata a propia deambulación, os paseos cara a ningures. Tal vez ese sexa o único xeito lexítimo de retratar o drama da espera.

Publicado en <http://www.otroscineseuropa.com>
Tradución: Xan Gómez Viñas

O AUTOR

Jean-Gabriel Périot (Bellac, Francia, 1974) deuse a coñecer con talentosas curtametraxes —*Eût-elle été criminelle...*, *200.000 fantômes*, *The Devil*— multipremiadas en Toronto, San Sebastián, Clermont-Ferrand, Indielisboa ou Curtocircuito, entre outros. A súa incursión na longametraxe con *Una juventud alemana* (Berlinale 2015 — Sección Panorama), *Lumières d'été* e *Nos défaites* xunto a *Song for the Jungle*, Premio Zabaltegi-Tabakalera en Donostia, consolidano como un autor especialmente sagaz e orixinal á hora de responder aos interrogantes máis urxentes do tempo presente.



AMALIA XA TEN O SEU ABONO REDUCIDO

E ti, a que
agardas para
abonarte?

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org



Se ti xa es de NUMAX
e queres compartilo,
fai unha foto co teu
abono e compártea.
[#eusondenamax](https://twitter.com/eusondenamax)